



Avisos

*Continúa aberto ata fin deste mes de outubro o prazo para que os veciños presenten as súas suxestións ou aportacións en relación coas modificacións dos solo rústicos establecidos no Plan de Ordenación (PXOM) que desexen realizar nas súas parcelas. A única información que é necesario traer é o titular da parcela así como a referencia catastral ou Polígono+parcela de concentración parcelaria. O técnico de urbanismo esta no Concello os Luns e Mércores en horario de 10 a 14 mais a documentación pódese presentar calquera dos días en que a Casa do Concello estea aberta, pois o resto persoal colaborará na redacción e elaboración das mesmas.

Emprego

* A Consellería de Economía, Emprego e Industria concedeu unha subvención ao Concello de Melide xunto co Concello de Boimorto para a realización dun obradoiro dual de emprego no se que impartirán as especialidades de " ACTIVIDADES AUXILIARES EN VIVEIROS , XARDÍNS E CENTROS DE XARDINERÍA" e " INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES".

O Obradoiro é un programa mixto de formación e emprego, polo que contará cunha parte teórica e outra práctica. A teórica realizarase no Concello de Melide, e as prácticas faranse nos dous concellos participantes. Os alumnos- traballadores asinarán un contrato para a formación e aprendizaxe e recibirán unha retribución pola súa participación no Obradoiro.

Para participar no proceso de selección como alumno/a traballador/a do obradoiro deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ter 18 ou máis anos de idade.
- Estar desempregado/a inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe desde a súa incorporación ao proxecto.
- Cumprir os requisitos de acceso sinalados no real decreto que regula o certificado de profesionalidade de nivel de cualificación 2 (para o caso da especialidade de " Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes").

As persoas desempregadas que desexen inscribirse para participar no proceso de selección do obradoiro de emprego deberán acudir á Oficina de Emprego de Melide e solicitar o obradoiro para que poidan saír preseleccionados pola referida oficina.

Servizos Sociais

*O SERVIZO DE ATENCIÓN ÁS DIFICULTADES DE MEMORIA. Inicio do curso 2018/2019.
A quen vai dirixido?

- A persoas maiores de 60 anos preocupadas pola súa memoria.
- A familiares de persoas con demencia que precisen asesoramento.

Como podo participar?

Dirixíndote ó teu médico de cabeceira ou nos servizos sociais do concello.

Lugar de realización: Centro Social Municipal de Maiores.

Teléfonos: 981 516075 / 647344367.

* Charla-coloquio:

1ª Parte: Qué facemos no Servizo de Atención as Dificultades de Memoria?. A cargo da Dra. María Campos-Magdaleno.

2ª Parte: Sentimentos positivos: axudan á memoria, axudan na vida. A cargo do Prof. Onésimo Juncos-Rabadán

Día: 10 de outubro **Hora:** 20:00 h **Lugar:** Casa da Cultura.

* CENTRO DE ENVELLECIMIENTO ACTIVO DE ARCEO. Charla-coloquio:

"Ictus: cómo reconcelo e cómo actuar ante os primeiros síntomas". A cargo de Dna. Encarna García López. Enfermeira da Residencia e Centro de Día do Concello de Boimorto.

Día: 22 de outubro. **Hora:** 20:00 h **Lugar:** Centro de envellecemento activo de Arceo.

* Taller de estimulación da memoria para adultos.

Dirixido a persoas maiores de 50 anos e que ten por finalidade fortalecer as funcións cognitivas en xeral (atención, memoria, razonamento, linguaxe....)

Periodo de realización: de novembro a decembro.

Día: os martes **Hora:** 17:00 h a 18:30 h. **Lugar:** Centro de envellecemento activo de Arceo.

Para participar é preciso chamar ó teléfono de servizos sociais 981 516075 antes do 16 de outubro.

* SERVICIO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA. **Horario:** de luns, martes, mércores e venres de 12:30 a 15:00. Atención con cita previa. Teléfono: 981 516075.

Bebeteka

Obradoiros con diferentes actividades lúdicas dirixido a nenos/as de 1 a 7 anos.

Servizo gratuíto que pretende: Ofrecer un lugar de xogo e de imaxinación para os nenos/as; Favorecer a relación entre os nenos/as e as súas familias realizando actividades nas que os adultos participen dun xeito activo; Favorecer a relación entre os nenos/as destas idades...

Nas actividades deberán participar o neno/a e un titor/acompañante que serán coordinados por unha mestra.

Horario de 16:45 h a 18.15 h (luns e xoves). **Lugar:** Centro Social Municipal de Maiores.

Incricións: ata o 16 de outubro chamando ós servizos sociais do concello de luns a venres de 12:30 h a 15:00 h (Tfno: 981 516075).

Centro de Maiores

* O día 1 de outubro comencan de novo as actividades no centro. As actividades que se imparten son as seguintes:

- Ximnasia: luns, mércores e venres. De 11:00 h a 12:00 h.
- Taller de memoria: xoves. De 10:45 h a 11:45 h.
- Teatro: xoves. De 12:00 h a 13:00 h.

Todas aquelas persoas interesadas que desexen participar poden chamar ó 981 516075 para inscribirse ou no propio centro de maiores.

Cultura

* MAGOSTO POPULAR (churrasco e castañas - 6€ por persoa): Sábado 10 de novembro - Na Telleira de Boimil, ás 20:30. Anotarse entre o 15 de outubro e o 5 de novembro no Concello.

Deportes

* Xerontoximnasia no Centro de Maiores e na Residencia Municipal: A xerontoximnasia no Centro de Maiores realízase todos os luns, mércores e venres en horario de 11:15 a 12:00, comencando as clases o luns 1 de outubro e rematando o 28 de xuño.

Na Residencia Municipal realízase xerontoximnasia todos os días de luns a venres en horario de 12:15 a 12:45.

* Ximnasia polas parroquias: Poden participar nesta actividade todos os veciños que teñan 16 anos cumpridos ou máis e estén en posesión do carné de socio do concello. A actividade comeza o luns 1 de outubro e finaliza o 30 de maio e os días e horarios nas distintas parroquias é o seguinte:

HORARIO	Luns	Martes	Mercores	Xoves
18:00 a 18:45	Local Brates		Local Brates	
19:15 a 20:00	Local Ánxeles	Local Arceo	Local Ánxeles	Local Arceo
20:15 a 21:00	Local Rodieiros	Polideportivo	Local Rodieiros	Polideportivo

* Programa de actividades deportivas extraescolares municipais Curso 2018/2019

- Xogos Psicomotores: xogos para adquisición das habilidades motrices básicas que implican coordinación, equilibrio, saltos, lanzamentos, xiros, golpes, carreira,... **Idade:** nenos da etapa de educación infantil.
- Bádminton: iniciación e mellora neste deporte mediante exercicios técnicos, tácticos e físicos. Habrá participación na Competición Deportiva en Idade escolar, sendo os partidos venres pola tarde ou sábados. **Idade:** nenos das etapas de primaria e secundaria.
- Fútbol Sala: iniciación e mellora neste deporte mediante exercicios técnicos, tácticos e físicos. Habrá participación na Competición Deportiva en Idade escolar e na Liga Intermunicipal, sendo os partidos venres pola tarde ou sábados. **Idade:** nenos das etapas de 6º de Infantil, educación primaria e secundaria.
- Patinaxe: xogos e exercicios destinados a favorecer o equilibrio sobre os patíns e traballando figuras acrobáticas de cara a crear unha coreografía e participar en galas. **Idade:** nenos das etapas de educación primaria e secundaria.
- Multideporte: iniciación divertida a varios deportes: baloncesto, atletismo, voleibol, béisbol, lacrosse, hockey, deportes de raqueta. **Idade:** nenos de educación primaria.

IMPORTANTE: As actividades teñen unha temporalización do luns 1 de outubro ata o xoves 30 de maio e réxense polo horario escolar para os festivos e vacacións, de xeito que cando non haxa colexio non haberá tampouco actividades extraescolares. As actividades deportivas municipais son gratuítas pero é obrigado estar en posesión do carné deportivo. O lugar das actividades é o pavillón polideportivo.

Cadro resumo cos horarios					
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
14:15 a 14:55	X. Psicomotores (6º de Infantil)		X. Psicomotores (4º e 5º de Infantil)		
15:50 a 16:50	Multideporte Primaria (1º a 6º)	Patinaxe 1º, 2º e 3º Primaria	Fútbol Sala Prebenxamín (6º infantil e 1º e 2º de primaria)	Patinaxe ESO e 4º, 5º e 6º	
16:55 a 17:55	Fútbol Sala Feminino	Bádminton	Fútbol Sala Benxamín/Alevín (3º a 6º primaria)	Bádminton	
18:00 a 19:00			Fútbol Sala Infantil/Cadete (1º a 4º ESO)		